

# Unha colección poética da man dunha cidade: *Poeta en Compostela*

Xandra SANTOS PALMOU

Instituto da Lingua Galega (USC)

Dende outubro de 2004 a cidade de Compostela está a acoller unha iniciativa editorial poética partillada entre a súa Concellaría de Cultura e o Grupo Correo Galego: a publicación da colección *Poeta en Compostela*. Non menos importante é a colaboración da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega), tendendo unha man ao proxecto e, en concreto, encargándose en moitos casos de fornecer poetas e tinxir as páxinas iniciais con prólogos e colaboracións.

A cidade de Compostela erixíase así como o punto de partida e de encontro para esta iniciativa. De encontro, non só porque foron as súas casas as que recibiron as diferentes páxinas, senón tamén porque foi unha das súas rúas máis significativa no corazón da urbe de pedra a que escoitou as palabras recitadas. E como non de partida, posto que foi esta cidade o alicerce para toda a colección, cuxos obxectivos foron os de dotar a este lugar dun patrimonio literario e, asemade, convertela nunha referencia simbólica da nosa literatura, moito máis ca un simple escenario. A palabra poética erixindo este espazo urbano en protagonista, mais tamén Compostela dándolle vida á palabra poética, xa que ao mesmo tempo achegaba os poemarios aos cidadáns. Deste xeito, a selección de autores sustentábase nalgún tipo de relación biográfica ou/e afectiva, en sentido lato, para seren escollidos, dando así unha nómina ben variada e heteroxénea, mais moi equitativa canto ao criterio do xénero dos seus compoñentes. Procurando nela un fío condutor, a primeira vista sería só Compostela a que fornece de unidade a colección, máis alá do seu deseño plástico, con autores sobradamente diferentes en experiencias e idades, en estilos e propostas. Chega con ollar os números nove e dez para decatarse disto, posto que moi pouco teñen a ver os versos clásicos de Bernardino Graña (en *Se o noso amor e os peixes...*) cos berros rachadores e contundentes de *Pornografía*.

No entanto, de esculcarmos comparacións, por unha banda teríamos que un gran número de poemarios escolleitos foron reedicións, nunhas ocasións de libros iniciais da traxectoria poética do/a

autor/a. Significativos disto son os exemplos do *Pornografía* de Lupe Gómez e o *Delicia* de Yolanda Castaño, que marcaron a entrada no sistema literario de ambas as dúas autoras, cun estilo diferencial e que se fixo notar dentro da irrupción da poesía escrita por mulleres. Noutros casos reedicións de obras que estaban vencelladas con Compostela polo seu contido (caso do *Poemas a Compostela* de Manuel María e *Tempo de Compostela* de Salvador García-Bodaño). Hai tamén nesta colección un notable pouso da denominada xeración dos noventa, con algúns piares fundamentais de iniciativas como o colectivo poético “Batallón literario da Costa da Morte” ou a cooperativa editorial “Letras de cal”; fannos pensar nisto nomes como o de Marta Dacosta (*Crear o mar en Compostela*), Rafa Villar (*No ventre da balea*), Estevo Creus (*Areados*) ou Eduardo Estévez (*Itinerarios*). Así mesmo, tamén o poemario ao que se lle dedica o mes de febreiro deste 2006, *As laranxas de Ali Babá* de Carlos Negro, vira xa a luz en 1998 nesa mesma editorial. Noutro polo e, ao mesmo tempo, máis escasas, están as primeiras edicións. O *Berlín* de M. Lado e *O barrio das chinas* de María do Cebreiro son case os únicos exemplos disto, posto que os restantes números reúnen textos que xa foran utilizados noutras ocasións para diversas iniciativas, ora en papel (os máis) ora na rede (coma *Love me tender* de Ana Romani) ou coma poemas orais (caso dos reutilizados no *Libro dos amados* por Antón Lopo, tirados do seu *Prestidixitador* de 2001). Daquela, non resultaría difícil albiscar os diálogos que manteñen entre si moitos destes números, por veces dende os propios prólogos ou presentacións. Resultaría, así mesmo, interesante tirar destes elos que vencellan autores e descubren puntos de unión entre obras, cuxo sustento estético, ético ou xeracional une algúns destes proxectos literarios. Hai un pequeno monllo de títulos que comparten os riscos de seren distinguidos anteriormente con algún premio (coma os títulos escolleitos do número dous de M. Dacosta, o tres a cargo de S. García-Bodaño, o nove correspondente a B. Graña, así como o último até o momento, *As*

laranxas de *Alí Babá* de Carlos Negro) e outros que constitúen unha antoloxía de diferentes traballos anteriores, ben feita polo autor (como no caso de R. Villar), ben dun xeito máis orixinal (como os *Itinerarios* de E. Estévez, para os que colaboraron outros creadores).

Con todo, case todos eles teñen tras de si algún trazo distintivo que os individualiza dentro de todo o conxunto e unha pequena historia á que se podería recorrer para explicalos nun traballo máis pormenorizado. A nómina de títulos e autores, ordenada segundo a data de publicación e até febreiro de 2006, sería a seguinte: 1. *Poemas a Compostela* de Manuel María, 2. *Crear o mar en Compostela* de Marta Dacosta, 3. *Tempo de Compostela* de Salvador García-Bodaño, 4. *Cabeleira de pedra* de Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, 5. *No ventre da balea* de Rafa Villar, 6. *Berlín* de María Lado, 7. *Libro dos amados* de Antón Lopo, 8. *O barrio das chinesas* de María do Cebreiro, 9. *Se o noso amor e os peixes...* de Bernardino Graña, 10. *Pornografía* de Lupe Gómez, 11. *O rumor do distante* de Cesáreo Sánchez Iglesias, 12. *Areados* de Estevo Creus, 13. *Love me tender. 24 pezas mínimas para unha caixa de música* de Ana Romani, 14. *Itinerarios* de Eduardo Estévez, 15. *Delicia* de Yolanda Castaño e 16. *As laranxas de Alí Babá* de Carlos Negro.

Nun primeiro momento, o ciclo estaba pensado para sacar á luz un poemario ao mes durante un ano (agás o parón estival de agosto), pero a boa acollida entre o público fixo pensar aos editores en dilatalo deica a primavera do ano actual, sumando así cinco títulos máis aos dezaseis que están na rúa até o momento. A este respecto, e mentres na industria editorial galega xa se leva tempo pechando coleccións e proxectos poéticos, este ciclo difundiu 5000 exemplares polas casas dos composteláns. Para decatarse da importancia da cifra, abonda só con comparala cos números que estamos afeitos a escoitar na publicación dun poemario que, incluso cando as previsións de venda son optimistas, baixan considerablemente dos cincocentos para todo o país. A carón disto, a distribución, feita canda ao xornal *El Correo Gallego* por un só euro, restrínxese unicamente a esta cidade e á súa área de influencia. Aínda que, logo de ollar as cifras, cómpre reparar en que a cooperación entre editoriais e xornais para sacar coleccións literarias non nos resulta xa estraña, tanto na literatura galega coma na española.

Endebén, é salientable que esta colección arrequeña esta idea cunha presentación, isto é,

non só mantivo continuidade para ofrecer cada mes (tentando fixar a data no primeiro xoves) un libro aos lectores, senón que tamén acompañou esta publicación cun recital. Xa vimos, pois, en máis ocasións as colleitas destas solucións imaxinativas que procuran o aparzamento, recollendo así na ceifa unha maior difusión dos libros e un abaratamento de custos de distribución e, finalmente, venda. Xa que logo, as vantaxas e resultados nestes sentidos comentados son visibles, malia que tampouco sexan menos evidentes outros trazos que soen acompañar estas coleccións, como a sinxeleza e o pouco coidado nas edicións. En concreto, non se caracteriza *Poeta en Compostela* por un descoido do deseño, posto que o seu deseñador Xurxo Fernández soubo dotala dunha imaxe vistosa. Porén, se ben as identificativas cores das capas (convinando o azul e o branco) conseguen diferenciar os seus números; o tratamento editorial dos textos semella tamén definirse por ser sinxelo, nunhas ocasións máis ca noutras. Faise notar, por exemplo, que no caso das reedicións que anteriormente contaban con imaxes, estas non se inclúen (coma nos títulos *Tempo de Compostela* de Salvador García-Bodaño e *Cabeleira de Pedra* de X. Rábade e H. Villar) e están ausentes en todos os números. Agradécese, non obstante, a engádegas dun breve resumo sobre o autor na lapela inicial pero, sobre todo, os limiares cos que comeza cada libro. Por unha banda, atopamos sempre un primeiro limiar de carácter máis persoal no que alguén, outro escritor ou crítico as máis das veces, que coñece ben ao/a poeta nos achega á súa obra, case sempre de xeito libre e creativo. Nestoutro segundo prólogo o obxectivo semella máis a presentación dun pequeno comentario crítico e introdutorio dos textos que atoparemos, cuxos autores e autoras tamén acostuman ser coñecidos das nosas letras. Ambos os dous textos introdutorios, así coma algúns outros paratextos explicativos que eventualmente se acrecentan, personalizan a colección e familiarizan aos lectores cos versos que toparán a continuación.

Asemade, o feito de que unha das partes editoriais conte con dous medios de comunicación escritos (como son *El Correo Gallego* e *Galicia Hoxe*) facilitou amplamente a súa publicación, maiormente para unhas obras, como as poéticas, que contan con escasa masa lectora. Neste senso, os dous xornais serviron de caixa de resonancia tanto para a organización das presentacións como para os autores e autoras das obras, que contaron todos os meses con algunha páxina de entrevistas

Xandra Santos Palmou

Unha colección poética da man dunha cidade: Poeta en Compostela



e artigos dedicadas a cubrir os eventos os días antes de que acontecesen. O lugar destes actos foi sempre unha coñecida e céntrica cafetaría, o Casino compostelán, onde, seguindo así a liña amosada cos limiares, tiña lugar unha presentación oficial do ciclo por parte das institucións participantes canda a outra máis amical, por parte de poetas na maioría dos casos.

Nun segundo momento a poesía tomaba protagonismo da man dos autores e das autoras. Pasábase así a un breve recital no que, unhas veces de xeito máis convencional e outras máis distintivo, os e as poetas lían algúns dos seus textos e os asistentes saían cun exemplar de balde. Algúns serviron de pequena homenaxe, como foi o caso da primeira, poucos días despois de falecer o escritor da obra reeditada, o *Poemas a Compostela* de Manuel María. Noutras ocasións foron máis interactivos, coma nos que algúns dos asistentes arroupou aos poetas lendo os seus textos; son bos exemplos desta comunicación co público as presentacións de Antón Lopo e María do Cebreiro, respectivamente con *Libro dos amados* e *O barrio das chinasas*. Outros foron adubiaados con ornamentos, como foi o de María Lado,

inzando o Casino de globos vermellos e vestida cunhas ás de cor rosa, unha ambientación moi acorde cos versos do seu *Berlín*. E, ao igual ca ela, tamén Lupe Gómez botou man de notas musicais para volver deixar saír o seu *Pornografía*. Aínda que a diferenza de M. Lado, que se fixo acompañar do piano, preferiu acordes de fado con voz feminina. Tamén recorreu á música na súa posta en escena Ana Romani que, como xa fixera nun recital poucos meses antes onde lera o seu *Love me tender*, tirou dunha caixiña o son desta canción cinematográfica que dá nome aos poemas.

Emporiso, todos estes actos foron atopando o seu oco entre o público, consolidando asistentes e aumentando paseniño o seu número que, na súa última entrega semellaba duplicarse. Malia que tampouco se debe esquecer que, desta volta, a poeta escollida era unha das máis mediáticas do panorama actual: Yolanda Castaño.

Sexa como for, esta idea nacida para promocionar a capital galega no imaxinario colectivo acadou a suficiente repercusión para que os seus organizadores incrementen a nómina de edicións até a primavera deste ano cando, previsiblemente, se lle pon o ramo co número vinte.